

Regata do Carme. Trofeo Dorna de prata  
18 de agosto de 2012  
Ribeira

# Anuncio de regata



Regata de primavera 2011



Asociación Cultural  
Lajareu por Barlovento

# Regata do Carme. Trofeo Dorna de prata

Asociación Cultural Lajareu por Barlovento

Ribeira

18 de agosto de 2012

Colabora:



## 1. Organización, lugar e data

- 1.1. A Regata do Carme, Trofeo Dorna de prata, disputarase en Ribeira o 18 de agosto de 2012, organizada pola Asociación Cultural Lajareu por Barlovento en colaboración co Concello de Riveira.
- 1.2. A organización da regata está a cargo do Comité de regata e contarase cun xuíz de regata.

## 2. Regras

- 2.1. A regata rexeráse por:
  - a) O Regulamento de Competición de Dornas a Vela da Federación Galega pola Cultura Marítima e Fluvial (RCDV) e o Regulamento da clase dorna (RCD) aceptado pola A.C. Lajareu por Barlovento.
  - b) Subsidiariamente polas regras de regata tal e como se definen no Regulamento de Regatas a Vela da ISAF 2009-2012, en adiante RRV.
  - c) Este Anuncio de regata e as Instrucións de regata, que poden modificar a algúns dos anteriores.

## 3. Participantes

- 3.1. A Regata do Carme é unha regata aberta a todas as embarcacións da categoría dorna tal e como se define no RCDV.
- 3.2. A organización poderá aceptar a inscrición doutras embarcacións que non cumpran co RCDV ou o RCD.
- 3.3. Os participantes deberán estar en posesión do correspondente seguro de responsabilidade civil en regata.

## 4. Publicidade

- 4.1. Os participantes poderán exhibir publicidade individual.

## 5. Inscricións

- 5.1. Inscricións
  - a) Será obrigatoria a inscrición da dorna e os seus tripulantes. Poderá realizarse no local social da A. C. Lajareu por Barlovento, no peirao deportivo, s/n, Ribeira ou na embarcación do xuíz de regata.
  - b) A data límite para inscribirse será o día 18 de agosto, ata a primeira pitada antes da saída da proba.
  - c) A inscrición formalizarase na folla de inscrición oficial e estará asinada polo patrón da dorna inscrita.
  - d) Será preciso confirmar que ten en vigor o seguro de responsabilidade civil en regata.
  - e) A inscrición é gratuíta.
- 5.2. Os que pretendan participar sen estar inscritos, por dita razón, non estarán amparados pola organización da Regata.

## 6. Programa

- 6.1. O programa do día 18 de agosto de 2012 é o seguinte:

12:00	Apertura da oficina de regatas. Rexistro de participantes
16:00	Inicio da regata
19:00	Finalización da regata
	Fondeo de embarcacións no peirao de Ribeira
	Entrega de recordos da regata aos participantes e pinchos na nave do club.
20:00	Entrega de trofeos na carpa instalada polo Concello
- 6.2. As Instrucións de regata poderán introducir variacións no programa previsto.

## 7. Boletíns de información meteorolóxica

- 7.1. Exporase no taboleiro oficial de anuncios (TOA) a predición meteorolóxica para o día da proba. Cóntase para isto cun parte específico para esta asociación elaborado e publicado por Meteogalicia.
- 7.2. Exporanse no TOA, de existir, os avisos a navegantes, avisos e comunicados da Capitanía Marítima e do Centro de Coordinación de Salvamento ou calquera outra información relevante relativa á seguridade na navegación.

## 8. Percorridos

- 8.1. A regata constará dunha única proba e terá lugar nas augas da Ría de Arousa.
- 8.2. A localización da liña de saída e de chegada será en Ribeira. Utilizaranse como balizas as que coloque a organización, as sinais marítimas e os accidentes naturais dentro da ría.
- 8.3. O percorrido definitivo detallarase nas Instrucións de regata.

## 9. Inspección e medición

- 9.1. O Comité de regata realizará as tarefas de control, medición e inspección.
- 9.2. Unha dorna ou o seu equipo poden ser inspeccionados antes, durante ou despois da regata para comprobar o cumprimento das regras e as Instrucións de regata.
- 9.3. Despois da regata, o Comité de regata poderá inspeccionar e medir as dornas que opten a premio na clasificación individual e das dornas que puntúen para a clasificación por clubs.
- 9.4. Especialmente revisará os elementos que afecten ás condicións de seguridade e navegabilidade que reflicte o RCDV ou o RCD. En todo momento será obrigatoria a presenza e bo estado de uso dos seguintes elementos:
  - a) Empanetado, que o terá completo (2.1 RCDV).
  - b) Chalecos salvavidas, un por cada tripulante (2.4 RCDV).
  - c) Medios de fondeo, de 4 Kg e o seu cabo (2.4 RCDV).
  - d) Elementos de flotabilidade (2.4 RCDV).
  - e) Vela: lonxitude da relinga (máx. 440 cm) (5. RCDV).
  - f) Será obrigatorio levar a bordo os dous remos característicos da dorna.
- 9.5. Se unha dorna non cumpre calquera dos requisitos anteriores será descualificada.

## 10. Puntuación

- 10.1. Individual: Establecerase unha única clasificación xeral individual para o que se aplicará o Sistema de Puntuación Baixa do Apéndice A4 do RRV.
  - a) A puntuación provisional virá definida pola posición de chegada das dornas á liña de chegada.
  - b) A clasificación individual definitiva será a que resulte das correccións da puntuación provisional logo do control de medición e das reclamacións que se formulen.
- 10.2. Por clubs: Establecerase un único club vencedor de entre os clubs de dornas a vela participantes.
  - a) Por cada club computan as tres mellores dornas da clasificación individual definitiva e a súa puntuación será a suma das puntuacións desas tres dornas.
  - b) O club que teña a puntuación máis baixa será o gañador.
  - c) En caso de empate entre varios clubs computan as catro mellores dornas para acadar o desempate.
  - d) En caso de que algún dos clubs empatados concorra cun número de dornas inferior ao computado, vencerá o club que si conte con ese número de dornas.

## 11. Premios

- 11.1. Poñerase en xogo a Dorna de Prata. Entregarase en depósito a Dorna de Prata ao club vencedor, que a exhibirá no seu Concello durante un ano, para poñela en xogo en augas de Ribeira o seguinte ano.
- 11.2. Entregarase un trofeo a cada un dos tripulantes das cinco primeiras dornas clasificadas.
- 11.3. Entregarase un recordo da regata a todos os participantes en recoñecemento á súa participación.

## 12. Regulamentacións locais de mariña

- 12.1. Será de aplicación o R.D. 62/2008, do 25 de xaneiro, polo que se aproba o "*Reglamento de las condiciones de seguridad marítima, de la navegación y de la vida humana en el mar aplicables a las concentraciones náuticas de carácter conmemorativo y pruebas náutico deportivas*".
- 12.2. A A. C. Lajareu por Barlovento informa a todos os participantes que dispón da correspondente póliza de seguros de responsabilidade civil, cun límite de 300.000 € por sinistro e de 150.000 € por vítima.
- 12.3. É responsabilidade de cada barco estar provisto dos seguros complementarios que estime convenientes, ademais do esixido neste Anuncio de regata.
- 12.4. Informase da obriga de contar a bordo co equipo regulamentario de salvamento.

## 13. Responsabilidade

- 13.1. Todos os participantes na Regata do Carme 2012 farano baixo o seu propio risco e responsabilidade.
- 13.2. A organización, ou calquera outra persoa ou organismo involucrado na organización do evento, carecen de responsabilidade algunha por perdas, danos, lesións ou molestias que puideran acaecer a persoas ou cousas, tanto en terra como en mar, como consecuencia da participación nas probas amparadas por este Anuncio de regata.
- 13.3. Chamase a atención sobre a regra 4 "Decisión de regatear" da parte 1 do RRV, que establece: "É de exclusiva responsabilidade dun barco decidir se participa nunha proba ou se continua en regata".

## 14. Dereitos de imaxe

- 14.1. Os dereitos de imaxe pertencen, en exclusiva, á A. C. Lajareu por Barlovento, que poderá usalos da forma que estime conveniente.

## 15. Modificacións deste anuncio

- 15.1. A organización resérvase o dereito de modificar este Anuncio de regata. Calquera modificación feita a este Anuncio con anterioridade á celebración da regata será publicada de forma axeitada.